

V CAMPIONATO GALEGO DE XADREZ LÓSTREGO 2019

Recinto Ferial Fexdega (Vilagarcía de Arousa - Pontevedra), 11 de Maio de 2019.

- **Coorganizan:** Club Xadrez Fontecarmoa, Federación Galega de Xadrez, Xunta de Galicia-Deporte Galego e Fundación Deportiva Municipal de Vilagarcía.
- **Colaboran:** Concellería de Cultura e Concello de Vilagarcía de Arousa.
- **Local de xogo:** Recinto Ferial Fexdega de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- O Torneo disputarase polo sistema suízo a 9 rondas. Segundo o número de inscritos. Incluso poderase facer un suízo acelerado sistema Baku se fose preciso.
- **O ritmo de xogo** será de 3 minutos + 2 segundos/xogada.
- **Torneo será válido para elo FIDE de xadrez blitz.**
- Antes do inicio da primeira ronda publicaranse a orde de forza só ordenada por ELO FIDE DE BLITZ (LÓSTREGO), tendo en conta a lista previa da FIDE. Se un xogador non tivera elo de BLITZ na FIDE, o seu ELO FIDE de xadrez standard será considerado como o valor inicial do ELO FIDE de BLITZ.
- Tódolos xogadores e xogadoras deberán estar federados antes do inicio do torneo, (circular 10/2015 da FEDA para torneos valedeiros para elo).
- **Empregarase o programa Vega para realizar os emparellamentos.**
- Non se permitirá analizar partidas na sala de xogo.
- **O tempo de retraso permitido será de 3 minutos**, pasados éstos o xogador que non compareza perderá o encontro.
- O xogador que teña unha incomparecencia sen causa xustificada será retirado do torneo.

SISTEMAS DE DESEMPATE

1. **Encontro directo**, sempre que os xogadores empatados a puntos xogaran todos entre sí
2. **APRO**
3. **Buchholz brasileiro** (sen a puntuación do peor rival)
4. **Buchholz total**
5. **Progresivo sen cortes**

(*) No desempate do buchholz, aplicarase a variante do opoñente virtual nas partidas non disputadas.

E se aínda persiste o empate, os xogadores disputarán unha partida de xadrez lóstrego. Sortearase a cor, con 6 minutos para o xogador de brancas e cinco minutos para o xogador de negras. En caso de táboas declararase vencedor o xogador de negras. O resultado da partida decidirá o desempate.

- Unha ronda feita pública non se modificará, salvo que o árbitro decida outra cousa.
- Si se introduce un resultado mal e se publica a ronda, ésta non se modificará a non ser que o árbitro principal decida outra cousa.

- Aplicarase o especificado no **artigo B4** das leis de xadrez da FIDE para xadrez lóstrego (partidas sen supervisión axeitada).
- A participación no torneo supón a aceptación destas bases.

- **Horario de xogo:**

Presentación das listas de xogadores: 15:45 horas.

1ª Rolda: 16:00 horas	6ª Rolda: 18:05 horas
2ª Rolda: 16:25 horas	7ª Rolda: 18:30 horas
3ª Rolda: 16:50 horas	8ª Rolda: 18:55 horas
4ª Rolda: 17:15 horas	9ª Rolda: 19:20 horas
5ª Rolda: 17:40 horas	

Clausura e Entrega de Premios: 20:00 horas

- **Inscripción:**

- COTA:

Campionato	Cota/Xogador*
Campionato Galego Lóstrego	5 €

(*) Queda exento o Campión Galego Lóstrego 2018.

- LUGAR E PRAZO:

As inscricións poderán facerse individualmente ou a través dos clubs na aplicación XEFEGA.

Unha vez que a Federación reciba o pago correcto da inscrición o xogador pasará a estado "CONFIRMADO", quedando inscrito correctamente ao Campionato Galego.

O prazo permanecerá aberto ata o Martes, 7 de Maio de 2019 (incluído). Non se admitirán inscricións vía e-mail nin pasada esa data.

Banco Sabadell Gallego IBAN: ES71 0081 2281 9100 0112 0013

Lémbrese que, atendendo ao artigo 3.13 do Título V do Regulamento Xeral de Competicións: "Nos distintos campionatos oficiais, e ás súas fases previas, valedeiros para obter representantes galegos ou campións galegos de distintas categorías os xogadores/as participantes terán que ter nacionalidade española, bandeira deportiva FIDE española e ser seleccionables por Galicia."

- **Premios:**

POSTO	
1º Clasificado	150,00 € + Trofeo
2º Clasificado	100,00 € + Trofeo
3º Clasificado	100,00 € + Trofeo
4º Clasificado	80,00 € + Trofeo
5º Clasificado	80,00 € + Trofeo

(*) A estas cantidades aplicaranse as retencións legais.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN , a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os videos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

Esta autorización pode ser revocada en cualquier momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentimento, non terá carácter retroactivo.

